



APE GALICIA – NOVAS

- ✓ INAUGURACIÓN DIGITAL HUBNET EN LA CAMARA DE COMERCIO DE PONTEVEDRA
- ✓ O ENCONTRO DE SOBER : DIÁLOGOS RURAL – INDUSTRIA
- ✓ APE FORMACIÓNS EDICIÓN OURENSE
- ✓ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “MATERNIDADE E TRABALLO”
- ✓ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “SEGURIDADE VIAL”
- ✓ APE FORMACIÓNS EDICIÓN LUGO
- ✓ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “EPIS CONCIENCIA NA UTILIZACIÓN, CRITERIOS DE SELECCIÓN, XESTIÓN NA EMPRESA”
- ✓ ASAMBLEA GENERAL ASOCIADOS ATRA
- ✓ REUNIÓN FORO EMPRESA PONTEVEDRA

INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

- ✓ CONVOCATORIA DE SUBVENCIONES PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAS MENORES DE 30 ANOS TR353C

APE GALICIA - NOVAS

❖ LA CÁMARA DE COMERCIO PONE EN MARCHA LOS DIGITAL HUBNET DE PONTEVEDRA.

O 2 de maio a Cámara de Comercio inaugurou os centros dixitais HubNet, unha iniciativa para impulsar a transformación dixital das pequenas e medianas empresas e o nacemento de novos negocios.

O acto celebrado en Pontevedra, ao que asistiron numerosas personalidades do mundo da empresa, así como de institucións como a Xunta e a Deputación provincial, foi aberto polo presidente da Cámara de Comercio en Pontevedra, Vigo e Vilagarcía, José García Costas, que destacou que estes centros “hub” xorden para o asesoramento e formación das pemes e emprendedores, os motores da nosa economía”. “O noso gran obxectivo será apoiar e contribuir á modernización do noso tecido produto, nunha contorna tecnolóxica de colaboración”, afirmou.

O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, acompañado polo secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Pablo Fernández, defendeu a colaboración público-privada dentro do ecosistema emprendedor “para aproveitar sinerxias e unir a todos os actores crave da economía en favor do crecemento da comunidade”.

A este acto acudiron o presidente de APE Galicia, Jose Ramón Caldas e a Secretaria Técnica Sonia Acuña en representación do colectivo autónomo galego.



❖ ENCONTRO DE SOBER: DIÁLOGOS RURAL - INDUSTRIA

Os días 9 e 10 de maio tivo lugar o foro *O encontro de Sober*, o cal acudiron 80 ponentes invitados polo Centro de Estudos Superiores Universitarios de Galicia (Cesuga) co apoio da Xunta, e que se converte no primeiro think tank do tecido empresarial, o sector público e o mundo académico creado para xerar impacto positivo no medio rural galego.



O obxectivo de construír sinerxias que permitan impulsar a competitividade e o crecemento da Galicia interior. Os retos e oportunidades en sectores tan importantes para a economía galega como o lácteo, o cárnico, o vitivinícola, as enerxía

renovables, ao minería ou a xestión forestal sostible serán protagonistas. A este avento acudiu o presidente de APE Galicia José Ramón Cladas.



❖ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “MATERNIDADE E TRABALLO”

O 9 de maio APE Galicia comeza unha serie de xornadas divulgativas en materia de PRL.

Esta xornada denominada “Maternidade e traballo” é un paso mais para abordar a importante intersección entre maternidade e traballo no contexto da prevención de riscos laborais (PRL).



Con estas xornadas de 1,5 horas de duración, preténdese que tanto os asistentes como os que seguiron a xornada en Streaming por ZOOM, teñan coñecemento da existencia destes riscos, como prevelos e avaliarlos con exemplos da sistemática de actuación nestes casos e tomando conciencia da importancia da participación e coordinación das persoas traballadoras e dos responsables de identificar os posibles riscos e de poñer solución a esta situacións.

❖ APE FORMACIÓNS EDICIÓO OURENSE.

O 13 de maio, APE Galicia presentou no Arquivo Histórico Provincial de Ourense, o novo programa APE FORMACIÓNS, unha serie de talleres prácticos e gratuítos para aprender e/ou mellorar a xestión dos negocios, que xa viñemos desenrollando o longo do ano en outras cidades coma Pontevedra e Vigo.



Durante esta presentación danse a coñecer todas as axudas e apoios que ofrece a Xunta de Galicia para este colectivo, da man Norberto Penedo, director da Área de Competitividade do IGAPE e de Pablo Fernández López, secretario xeral de Emprego e Relacións laborais da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración da Xunta de Galicia.

Para finalizar o acto, convidouse ás persoas participantes a un café Networking.

❖ REUNIÓN APE GALICIA CO CONSELLEIRO DE EMPREGO, ECONOMIA E EMIGRACIÓN.

O 15 de maio tivo lugar unha reunión moi proveitosa co conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración D. José Gozález Vázquez, a cal acudiu o presidente de APE Galicia, o secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais e Jaime Barreiro.

A reunión serviu para achegar o colectivo autónomo a administración, e manter o compromiso de seguir avanzando xuntos cara un futuro económico mais próspero para todos.



❖ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “SEGURIDADE VIAL”

O 16 de maio tivo lugar a segunda xornada en materia de prevención de PRL, nesta ocasión levouse a cabo a xornada divulgativa sobre seguridade viaria, cuxa principal finalidade foi promover a conciencia e a responsabilidade entre os diferentes usuarios das estradas, incluíndo condutores, peóns e ciclistas. A seguridade viaria é un aspecto crucial que inflúe directamente na

calidade de vida da cidadanía, reducindo os accidentes e mellorando a convivencia no espazo público.

Esta xornada contou coa participación do docente Oscar Labraña Carrera, experto no ámbito da seguridade viaria, que achegou valiosa información, consellos prácticos e datos estatísticos relevantes. Isto é fundamental para ofrecer unha visión completa e actualizada sobre as boas prácticas viarias e a importancia do cumprimento das normas de tráfico.



❖ APE FORMACIÓNS EDICIÓN LUGO

Unha vez mais a presentación de APE Formacións foi todo un éxito, esta vez o acto foi celebrado en Lugo na sede de APREVAR.

No acto estiveron presentes Pablo Fernández López, secretario xeral de Emprego e Relacións Laborais, Covadonga Toca Carús, directora xeral do Igape, así coma Jaime Barreiro e Carlos Alonso.

Coma nas anteriores ocasións o obxectivo destas xornadas é mostrar da man da administración todas as axudas que o colectivo autónomo ten da

sua man, e guiar e asesorar mediante o mapa de axudas da Xunta de Galicia e mais do Igape.

Coma de costume para rematar o acto convidouse a todolos/as asistentes a un cafe networking, para establecer conexións, coñecerse e facer medrar a súa rede de contactos.

E con esta última xornada dáse o peche a esta serie de APE Formacións, considerando o éxito acadado, medido co nivel de satisfacción dos asistentes.

❖ XORNADA DIVULGATIVA DE PRL “EPIS CONCIENCIA NA UTILIZACIÓN, CRITERIOS DE SELECCIÓN, XESTIÓN NA EMPRESA”

A seguinte xornada celebrada o 23 de maio sobre “EPIS CONCIENCIA NA UTILIZACIÓN, CRITERIOS DE SELECCIÓN, XESTIÓN NA EMPRESA” na que o obxectivo principal con esta xornada era o de informar e concienciar aos asistentes sobre o uso dos medios de protección individuais, e a súa importancia na prevención dos riscos derivados do traballo.

Os asistentes tiveron a oportunidade de dar resposta as dúbidas que lles pudieran surxir dado que este formato proporciona un espazo para a reflexión e o intercambio de experiencias.



❖ ASAMBLEA GENERAL ASOCIADOS ATRA

O 25 e 26 de Maio ATRA, a Asociación Autónoma de Empresarios de Talleres de Reparación de Vehículos da Provincia de Pontevedra, celebrou a súa Asamblea Xeral de Asociados, na cal recoñeceuse a labor de seis antigos directivos da asociación e rindiuse homenaxe o seu exsecretario xeral, José Manuel Rodríguez Simón.

Desde APE Galicia acudiu Jose Ramón Caldas, presidente da nosa asociación, para acompañar neste evento a Simón xa que é, e foi, un gran amigo e compañeiro durante todos estes anos, mostrando sempre gran interese pola asociación, este recoñecemento é mais que merecido por todos os seus anos volcado no mundo asociativo.



❖ REUNIÓN FORO EMPRESA PONTEVEDRA

O 30 de maio o presidente de APE Galicia acude o desayuno Foro Empresa Pontevedra, que tiña como invitado a D. Pablo Junceda Moreno, o director xeral do Sabadell Galego, onde o título era “A banca global con alma local” apuntando Junceda na súa intervención que, “A banca

desempeña un papel fundamental na promoción e mantemento da vitalidade do local” e con esa premisa, “debemos poñer en valor, coidar, respectar e visualizar a banca española como uno máis dos formidables valores da nosa economía, un valioso activo”.



❖ DÍA DA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA

O pasado 31 de maio, celébrase en Santiago de Compostela o Día da economía social galega, evento organizado por ForoEsgal, onde o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, José González, destacou as tres vertentes coas que a Xunta de Galicia está a impulsar a economía social de Galicia e apelou á unión e á colaboración de todos os actores implicados neste ámbito para seguir fortalecendo un modelo baseado nas persoas e co que se contribúe á cohesión social e do territorio xerando un emprego inclusivo, igualitario e solidario.

O titular de Emprego, Comercio e Emigración, quen acudiu acompañado da directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, apuntou que a Xunta de Galicia traballa para que a economía social siga sendo un modelo de referencia e, por iso, lembrou que nestes momentos está a executarse a segunda Estratexia de Economía Social, co horizonte 2027, coa que o Goberno galego aspira, cun

orçamento de case 170 millóns de euros, a xerar máis economía social, atraendo talento, mellorando a competitividade e o crecemento en sectores emerxentes. No marco desta planificación prevese a creación de 400 novas entidades e a xeración de 4.000 empregos, posicionar este modelo nos sectores tecnolóxico, verde e industrial.

A este acto acudiu en representación do colectivo autónomo o presidente de APE Galicia Jose Ramón Caldas.



APE GALICIA – INFORMACIÓN PARA AUTÓNOMOS

❖ TR353C 1º EXPERIENCIA PROFESIONAL MENORES DE 30 ANOS

O DOG do 22 de maio publicaba as bases reguladoras das axudas para a promoción do emprego a menores de 30 anos.

Este programa contempla dúas liñas de axudas

Liña 1: programa de prácticas, mediante contratos para a obtención de práctica profesional, subscritos con persoas traballadoras menores de 30 anos que estean en posesión de título universitario (grao, máster ou doutoramento), ou título de grao medio ou superior, especialista, máster profesional ou certificado do sistema de formación profesional.

Liña 2: programa de formación en alternancia, mediante contratos de formación en alternancia que se realicen con persoas traballadoras menores de 30 anos, e que poderán subscribirse con persoas que carezan da cualificación profesional recoñecida polas titulacións ou certificados requiridos para concertar un contrato formativo para a obtención de práctica profesional.

As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos e o prazo xeral para a presentación das solicitudes das axudas establecidas nesta orde comezará o día seguinte ao da súa publicación e rematará o 30 de setembro de 2024.

XUNTA DE GALICIA

PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS - 2024

Contía do incentivo por persoa contratada

Grupo de cotización	Subvención máxima**
Grupos 1 e 2	16.625,00 €
Grupos 3 a 7	13.300,00 €
Grupos 8 a 11	9.975,00 €

Modalidade Formación	Incentivo máximo (IVE excluído) ***
Presencial	1.700,00 €
Teleformación	850,00 €

Persoa beneficiaria final

As persoas mozas que, no momento da contratación para calquera das modalidades previstas, cumpran os seguintes requisitos:

1. Ter feitos os 16 anos e non superar os 30 anos no momento da contratación.
2. Estar desempregada, fórocupada ou día, inmediatamente anterior á data de inicio do contrato, e inscrita como demandante no Servizo Público de Emprego de Galicia.
3. E non ter experiencia profesional superior a 1 ano no grupo de cotización no que van ser contratadas.

Non mediatice de obtención de práctica profesional

- Haber en posesión ou título o "Incentivo" de 3 anos, de 3 anos, de 2 anos ou de 1 ano equivalente.
- Celebrar o contrato nos 3 anos seguintes á terminación dos estudos ou 5 anos para persoas con discapacidade.
- Non ter experiencia na realización de actividades formativas, superior a 3 meses** nesta mesma actividade.

Non mediatice de formación en alternancia

- Contar de cualificación profesional recoñecida polos títulos ou certificados requiridos para convocar un servizo formativo para a adquisición de práctica profesional, ou
- Posuír outro título sempre que non tivesen outro contrato formativo previo no ámbito do mesmo nivel formativo e sector produtivo.

Máis información: 012

XUNTA DE GALICIA

PRIMEIRA EXPERIENCIA PROFESIONAL DAS PERSOAS MOZAS MENORES DE 30 ANOS MEDIANTE CONTRATOS FORMATIVOS - 2024

Subvencións á contratación de mozas e mozos menores de 30 anos en situación de desemprego para facilitar un período de práctica profesional acompañada dun proceso de formación para o emprego

Orzamento 4.191.915 €

Prazo aberto do 23 de maio ao 30 de setembro

Persoa e empresas beneficiarias

- Persoas empregadoras e empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, sociedades civís e comunidades de bens que contraten persoas mozas traballadoras por conta alíea, para prestaron servizos en centros de traballo radicados en Galicia.
- Centros especiais de emprego e as empresas de inserción laboral, excepto para celebrar contratos con persoas con discapacidade ou contratos con persoas en situación de risco de exclusión social respectivamente.

Gastos subvencionables

As contratacións por conta alíea de persoas mozas mediante a subscrición de contratos para a obtención da práctica profesional ou de formación en alternancia, e que:

- Teñan unha duración mínima de 12 meses e sexar a xornada completa.
- Sexan novas contratacións* ou contratacións realizadas con anterioridade (desde o 1 de decembro de 2023).

A formación en competenciaa brandas de cada persoa que sexa contratada ao abeiro desta convocatoria (mínimo 50 horas).

Máis información: 012

Para mais información, visita as nosas webs:

<http://www.apegalicia.gal/>

Ou nas nosas redes sociais:



<https://www.facebook.com/ApeGalicia>



https://www.instagram.com/ape_galicia/

APE GALICIA

Tfno.: 986 89 16 57

Móvil: 697 195 540

E-mail:

info@apegalicia.es

Dirección: Gajos de
Mendoza Nº2, Bajo 2 -
36001 Pontevedra

